



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 61
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.es
C.I.F.: P-1501200-H

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS DO SERVIZO DE ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS NO CONCELLO DE BOQUEIXÓN

1.- XUSTIFICACIÓN DO CONTRATO

O Concello de Boqueixón, a través da Concellería de Educación, Cultura e Deportes, ven fomentando no ámbito das súas competencias, o desenvolvemento de programas de promoción e difusión da cultura entre os veciños do concello e a adquisición de hábitos de vida saudables. Con este obxectivo, esta concellería ven prestando unha oferta de actividades físicas e culturais, dirixidas a diversos colectivos de idade, que perseguen por un lado o fomento da práctica deportiva e da actividade física como fonte de benestar e saúde e por outro a promoción da cultura a través de diferentes manifestacións.

2.- OBXECTO

O presente Prego de Prescricións Técnicas ten por obxecto establecer as características que debe reunir a prestación do contrato de servizos para a planificación, impartición, xestión e control das actividades deportivas e culturais tanto para adultos como para nen@s en idade escolar.

A empresa adxudicataria do contrato realizará todos os traballos necesarios en orde á levar a cabo todo o especificado no presente Prego e no Prego administrativo.

3.- DURACIÓN DO CONTRATO

O prestación do servizo iniciarase o día 1 de outubro de 2015 e rematará o 31 de maio de 2016.

O contrato terá unha duración de 1 curso escolar sendo prorrogable por 2 máis, ata un máximo de 3 anos de prestación de servizo.

4.- DEFINICIÓN DAS ACTIVIDADES

- 1) A licitación ten por obxecto a contratación do servizo de actividades físico deportivas e culturais no concello de Boqueixón. En consecuencia, o contratista deberá prestar especial atención a:

- a) Provisión dos medios humanos necesarios para a impartición das distintas modalidades programadas polo Departamento de Deportes e de Cultura do Concello.
- b) Asesoramento ao concello en todo o que redunde nunha maior calidade do servizo aos usuarios, así como na ampliación da oferta de actividades a desenvolver.
- c) Desenvolvemento e avaliación do proxecto de actividades presentado polo concello.

2) Modalidades a impartir:

2.1. Actividades para adultos

- a) Pilates
- b) Zumba
- c) Bailoterapia
- d) Aerobic

2.2. Actividades para nen@s en idade escolar

- e) Patinaxe
- f) Judo
- g) Debuxo e pintura

4) Lugares de impartición.

As actividades programadas impartiranse en instalacións de titularidade municipal ou autorizadas para o seu uso ao concello, tratando, na medida do posible, de achegar estas actividades aos usuarios. Inicialmente, e sen prexuízo de que por razóns do servizo fose preciso variar isto, os lugares previstos para as actividades son:

- a) Local social de Lestedo
- b) Casa da Cultura de Camporrapado
- c) Local social de Sergude
- d) Local social de Codeso
- e) Ximnasio do Forte
- f) CPI Antonio Orza Couto
- g) Pavillón de Lestedo

O Concello de Boqueixón dispón doutras instalacións deportivas e socioculturais susceptibles de utilización para diversas actividades, polo que algunha das actividades podería ser cambiada de lugar sen que tal feito supoña alteración das condicións contractuais. En todo caso, a actividade deberá ser desenvolvida dentro do termo municipal de Boqueixón.

5.- CALENDARIO DAS ACTIVIDADES

5.1. Actividades para adultos: desenvolveranse no período comprendido entre o 1 de outubro de 2015 e 31 de maio de 2016, agás sábados, domingos e días festivos.

5.2. Actividades para nenos: desenvolveranse no período comprendido entre o 1 de outubro de 2015 e 31 de maio de 2016, agás sábados, domingos e días festivos. Neste caso, respetaranse ademais os períodos vacacionais dos rapaces, que son como seguen:

- Vacacións de Nadal: 21 de decembro de 2015 a 6 de xaneiro de 2016
- Vacacións de Entroido: 8, 9 e 10 de febreiro de 2016
- Vacacións de Semana Santa: do 21 ao 28 de marzo de 2016
- Día do Ensino: 30 de outubro de 2015

6.- CARACTERÍSTICAS DOS GRUPOS

Para o funcionamento das actividades, o número mínimo de inscritos para que cada unha delas poida desenvolverse é de 10 persoas matriculadas, e o número máximo de participantes por grupo virá determinado polo tipo de actividade.

Para o caso de que o número de persoas que soliciten ou estean a participar nunha determinada actividade non acade o número mínimo de 10, poderase proceder á supresión do grupo, coa correspondente redución de retribucións para o contratista, sen que isto xere dereito a indemnización algunha.

No caso de que se reduzan grupos poderase acordar polo Concello, si existe demanda suficiente, a realización doutra actividade, sen que isto poida ser considerado como unha modificación contractual.

O número de grupos inicialmente previsto, así como o número de horas semanais de impartición, que poderían variar en función da evolución futura do número de asistentes, serían os seguintes:

PILATES	1 MONITOR	6 HORAS SEMANAIS
ZUMBA	1 MONITOR	4 HORAS SEMANAIS
BAILOTERAPIA	1 MONITOR	2 HORAS SEMANAIS
AEROBIC	1 MONITOR	2 HORAS SEMANAIS
PATINAXE	1 MONITOR	2 HORAS SEMANAIS
JUDO	1 MONITOR	2 HORAS SEMANAIS
DEBUXO E PINTURA	1 MONITOR	1 HORA SEMANAL

7.- PERSOAL

1. O adxudicatario porá a disposición do concello os monitores precisos para o desenvolvemento das actividades programadas polos técnicos municipais.
2. Os monitores encargados de desenvolver o programa de actividades previsto neste prego deberán acreditar que están en posesión da titulación necesaria para impartir a actividade e a experiencia profesional na mesma.

Todo o persoal adscrito á prestación dos servizos adxudicados deberá estar contratado segundo as condicións establecidas na lexislación laboral vixente, cumpríndose, cando menos, as condicións económicas do convenio laboral regulador do sector aplicable á cualificación técnica do monitor.

O adxudicatario deberá cubrir de inmediato as baixas producidas por enfermidade, absentismo laboral ou calquera outra causa.

Para o bo funcionamento do servizo, o persoal docente (monitores) deberá prestar especial observancia das seguintes regras:

- Acudir aos lugares designados para a actividade puntualmente, respectando os horarios da actividade.
- Respectar as indicacións do persoal responsable das instalacións nas que se preste o servizo.
- Cando por causa de forza maior o responsable da impartición da actividade non puidese acudir a realizar ista, deberá comunicalo en tempo suficiente á empresa adxudicataria para que ista poida substituílo.
- O persoal docente impartirá as clases tan só ás persoas debidamente inscritas, debendo vixiar por tanto que tan só participan alumnos autorizados.
- Dará aviso ao concello de calquera anomalía ou desperfecto que aprecie, ben na instalación na que se desenvolve a actividade ou nos medios materiais utilizados.
- Ofrecerá aos usuarios un trato amable e respectuoso nas cuestións que lles sexan prantexadas.
- Non transmitirá nin permitirá que se faga na súa presenza, ideas nin conceptos de índole política, relixiosa, sexista nin, en xeral, ideas contrarias ao ordenamento legal vixente.

8.- MEDIOS MATERIAIS

Corresponde ao Concello de Boqueixón achegar o material necesario para a impartición das diferentes actividades, agás na actividade de Debuxo e Pintura que correrá a cargo dos participantes, debendo o adxudicatario comunicar a este as necesidades de reposición cando se estime necesario.

O adxudicatario responsabilizarase do bo uso deste material e procederá á súa recollida una vez rematada a actividade comprometéndose a ter en orde os almacéns onde se garda.

9.-ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

Correspóndelles aos Departamentos de Deportes e de Cultura do concello a elaboración do calendario, listado de participantes, cadrante horario e fixación de sedes de impartición, sempre con respecto ás actividades, frecuencias, duración das sesións e sedes establecidas no presente prego.

Esta información, una vez elaborada, deberá ser remitida á empresa adxudicataria con polo menos cinco días naturais de antelación á data prevista para o comezo das actividades.

Correspóndelle á empresa adxudicataria a xestión da asistencia dos participantes ás actividades e a comunicación de posibles incidencias ao respecto ao concello.

10.- OBRIGAS DO CONTRATISTA

- Cumprir en todo momento coas actividades especificadas neste Prego.
- Garantir que os monitores que impartan a actividade acudan puntualmente aos lugares onde se desenvolven as actividades que lles corresponda dirixir.
- Garantir que os monitores que impartan a actividade non se ausentarán do recinto durante o tempo de duración da actividade contratada.
- Garantir que durante o horario de desenvolvemento das actividades, os monitores non utilicen teléfonos móbiles, aparellos de música (agás os necesarios para o desenvolvemento da actividade), comer dentro das instalacións, ler e, en xeral, calquera actividade non relacionada co cometido principal.
- O persoal que a empresa adxudicataria destine para a execución dos servizos dependerá xerarquicamente da súa propia organización polo que a empresa adxudicataria deberá dispoñer dos medios persoais axeitados para a atención dos servizos contratados.
- Garantir que os monitores controlen o uso da vestimenta e calzado deportivos adecuados por parte dos participantes.
- Garantir que os monitores coiden e salvagarden o material deportivo con que se dote o servizo, así como recollelo e gardalo correctamente tras a súa utilización.
- Contratar unha póliza que cubra a responsabilidade civil na que poidan incurrir os monitores que vaian a desenvolver as actividades contratadas. Dita póliza deberá cubrir os posibles danos materiais, persoais e perxuizos de todo tipo que poidan sufrir terceiros como consecuencia da actuación dos monitores, así como os propios danos que poidan sufrir estes no desempeño das súas funcións.
- Garantirá que os monitores exerzan o seu traballo con respecto ás normas internas das instalacións e regulamento de uso das mesmas, e controlarán que os participantes cumpran igualmente ditas normas.
- Garantirá que o adxudicatario dote ao servizo dos medios humanos axeitados para prestalo, segundo o previsto neste Prego, cumprindo os requisitos esixidos

pola lexislación laboral, fiscal e da seguridade social, sanitarias e demais que afecten á actividade.

- Garantirá a plena integración nas actividades dos discapacitados, minorías étnicas e diversidade culturais requirindo ao Concello de Boqueixón, se fose necesario a dotación dos medios precisos para acadar este obxectivo.
- Garantirá que se respecte o principio de equidade e igualdade efectiva de xénero.
- Informará por escrito ao concello das incidencias e anomalías que se detecten e que afecten de xeito negativo á impartición das actividades.
- Substituirá ao persoal de xeito inmediato no caso de ausencia ou enfermidade. O persoal substituído deberá ter como mínimo a mesma cualificación técnica ou profesional que o substituído, agás imposibilidade momentánea de facelo así, que se entenderá como extraordinaria, debidamente xustificada, debendo volverse á situación correcta no prazo de tempo máis curto posible.

11.- PREZO DO CONTRATO

O servizo prestarase polo adxudicatario ao seu risco e ventura, resarcíndose do servizo coa cantidade **17.325 €/ano** a aboar polo Concello, de acordo co estipulado no prego administrativo.

12.- FACULTADE DE DIRECCIÓN E INSPECCIÓN

Correspóndelles ás Concellerías de Deportes e de Cultura a facultade de inspección e vixilancia do correcto cumprimento do contrato. O órgano de contratación poderá nomear a unha ou varias persoas responsables do contrato que exercerán as súas funcións de conformidade co art.52 do TRLCSP (RDL 3/2011) e este Prego.

13.- PRERROGATIVAS DA ADMINISTRACION

Corresponden á Administración as prerrogativas de interpretar o contrato, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos establecidos no texto refundido da Lei de Contratos do sector público e regulamentos que a desenvolven.